



1. Circuito (pegado á VG-20 á altura do río Lagares).
2. Punto de acceso ao circuito, secretaria, cámara de chamadas.
3. Saída 4. da VG-20. (o circuito encóntrase a 200 m.)
4. Zona de amplo aparcamento (a 250 m. do circuito)
5. Campo de fútbol "A Xunqueira" U.D.Comesaña

Para os que veñen dende fóra de Vigo, poden acceder pola circunvalación VG-20 e tomar a saída 4.


Coordenadas GPS: Long. 8,7655 W, Lat. 42,2020 N  
 Dirección no navegador: Avd. de Ricardo Mella, 101-105  
 Localización Google Eart: buscar por 42,2025 -8,7666



Neste 2021 foisenos Carlos Alonso Comesaña, un exemplar deportista, atleta e futbolista nos seus anos mozos, logo directivo deste club e de outras entidades parroquiais por elo obtivo recoñecemento ao seu gran traballo cultural e social, sempre comprometido coa súa veciñanza. (foto 1963)



COLABORAN:



**Comesaña Sporting Club**

# 42º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través

Domingo, 28 de novembro do 2021

En Vigo, o lado do campo de fútbol "A Xunqueira", Molinos - San Andrés de Comesaña

HORARIO DAS PROBAS	
10:30	Sub-20/Sub-18 masculina
10:55	Sub-20/ Sub-18 feminina
11:15	Sénior/ Sub-23 masculina
12:00	Sénior /Sub-23 feminina
12:30	Sub-16 (Cadete) masculina
12:50	Sub-16 (Cadete) feminina
13:05	Sub-14 (Infantil) masculina
13:20	Sub-14 (Infantil) feminina
13:30	Sub-12 (Alevín) masculina
13:40	Sub-12 (Alevín) feminina

Organiza:  
Comesaña Sporting Club



Patrocinan:



Inscripcións:

- Por internet: <http://comesana.org> (antes das 20:00 do 24 de novembro).
  - Por correo electrónico: [comesana@comesana.org](mailto:comesana@comesana.org) (ata 0 23 de novembro).
  - Por correo ordinario: Comesaña Sporting Club, Pedreira, 21 - 26213 Vigo (ata o 23 de novembro)
- Para máis información dirixirse a: [comesana@comesana.org](mailto:comesana@comesana.org)



Iniciada en 1978, é a competición de Campo a Través máis antiga de Galicia (sen ter en conta o Campionato galego) Nela réndese homenaxe a Belarmino Alonso, directivo do club falecido no ano 1977.

Dende esta 42ª edición, continuamos no noso empeño de reivindicar un ano mais o recoñecemento e apoio económico dos estamentos oficiais que motive á élite do atletismo galego a participar, para que Galicia teña a proba de Campo a Través que por tradición lle corresponde.

### Entrega de Agasallos

As 12:15, comezase coa entrega dos agasallos das catro primeiras carreiras. O resto entregaranse ao finalizar todas as carreiras.

## Regulamento

1º - O **Comesaña Sporting Club**, organizará en Vigo o próximo **día 28 de novembro**, co patrocinio do **Concello de Vigo** e coa colaboración da **Deputación de Pontevedra** o “42º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través” en San Andrés de Comesaña, “Molinos”, á beira do campo de fútbol de “A Xunqueira”. Nas categorías Sub-18 e maiores (**persoas nadas no ano 2005 ou antes.**) **exclusivamente participación con licenza federativa**. Sub-16 e menores (**Cadete, Infantil e Alevín**), pola colaboración da **Xunta de Galicia**, tamén admitiranse a participación, en ambos os dous sexos, se están dados de alta na **tempada 2021/2022**, en **Campo a Través do Programa Xogade**.

2º - O control oficial das carreiras correrá a cargo do persoal da entidade organizadora e máis daquelas persoas que presten a súa voluntaria colaboración coa organización.

3º - O horario de saída das carreiras (metraxe aproximado) será o seguinte:

Hora	Categoría	Ano nacemento	Distan.	Percorrido (cir. = circuito)
10:30	Sub-20/Sub-18 masculina	2002/2003 e 2004/2005)	4.180 m.	1 volta ao nº4, é 1 ao cir. Completo
10:55	Sub-20/ Sub-18 feminina	2002/2003 e 2004/2005)	3.121 m.	2 voltas ao cir. nº2, é 1 ao nº3
11:15	Sénior/ Sub-23 masculina	98 ou antes e 1999/00/01)	8.750 m.	4 voltas ao circuito completo
12:00	Sénior /Sub-23 feminina	98 ou antes e 1999/00/01)	7.040 m.	2 voltas ao nº3, é 2 ao cir completo
12:30	Sub-16 ( <b>Cadete</b> ) masculina	2006 é 2007)	3.121 m.	2 voltas ao cir. nº2, é 1 ao nº3
12:50	Sub-16 ( <b>Cadete</b> ) feminina	2006 é 2007)	1.530 m.	1 volta ao cir. nº1, é outra ao nº2
13:05	Sub-14 ( <b>Infantil</b> ) masculina	2008 é 2009)	1.530 m.	1 volta ao cir. nº1, é outra ao nº2
13:20	Sub-14 ( <b>Infantil</b> ) feminina	2008 é 2009)	1.264 m.	2 voltas ao circuito nº1
13:30	Sub-12 ( <b>Alevín</b> ) masculina	2010 e 2011)	1.264 m.	2 voltas ao circuito nº1
13:40	Sub-12 ( <b>Alevín</b> ) feminina	2010 é 2011)	933 m.	1 volta ao circuito nº2

4º - As inscricións (indicando federado ou Xogade), faranse dixitalmente en: <http://comesana.org/> **pechándose as mesmas o 24 de novembro as 20:00 h.** Aqueles atletas que ben por ser independentes ou estranxeiros non teñan acceso ao sistema, poderán enviar un correo electrónico a: [comesana@comesana.org](mailto:comesana@comesana.org) ou ben por correo ordinario a Comesaña Sporting Club, Pedreira, 21 San Andrés de Comesaña, 36213 Vigo. Estas inscricións farán constar: Nome do club, (si non é independente), nome e apelidos, ano nacemento, sexo é **número de licenza federativa, ou Xogade no caso**, pechándose por estes **medios o día 23** de novembro.

5º - Para admitir as inscricións (estranxeiros incluídos), deberase ter **dilixenciada licenza** federativa para a **tempada 2021**. Sub-16 (Cadetes) e menores, alomenos, estar dados de alta na tempada 2021/2022 en “Campo a Través”, do Programa Xogade da Xunta de Galicia.

6º - En todas as **carreiras** haberá unha clasificación por clubs, establecéndose esta coa suma dos postos ocupados polos **catro primeiros atletas** dun mesmo club **en cada carreira** (postos reais, contabilizando os de menos de catro por club é independentes). En caso de empate, este resolverase en favor do club co 4º atleta mellor clasificado.

7º - Realizaranse clasificacións individuais **Sénior-Sub-23** (nados no **ano 1998 ou antes**, consideraranse **coma Sénior**), e das categorías: **Sub-23, Sub-20, Sub-18, Sub-16 (Cadete), Sub-14 (Infantil) é Sub-12 (Alevín)**.

8º - **Nas carreiras Sénior/Sub-23** de ámbolos dous sexos, outorgaranse os correspondentes trofeos, e compensacións en metálico en concepto de gastos de desprazamento e estancia, aos cinco primeiros postos (**400, 250, 125, 75 e 50 €**), trofeos tamén aos primeiros (**alomenos cinco**) nas categorías: **Sub-23, Sub-20, Sub-18, Sub-16 (Cadete), Sub-14 (Infantil) é Sub-12 (Alevín)**. Tamén **trofeo para o club gañador de cada carreira**.

9º - Todos os dorsais dos atletas serán entregados polo club organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo media hora antes do comezo de cada carreira, debendo os atletas respetar a publicidade impresa.

10º - Para poder participar, **en todas as carreiras**, deberán pasar por Cámara de Chamadas **ata 15 minutos antes** da hora de saída fixada para a súa carreira.

11º - As reclamacións sobre a competición, verbales ou por escrito, deberán ser presentadas á organización ata 30 minutos logo da publicación dos resultados.

12º - Todo atleta participante estará cuberto, de acordo á regulamentación vixente, polos obrigados Seguros de Accidentes e de Responsabilidade Civil.

13º - O non previsto neste Regulamento, resolverase de acordo coas vixentes Normas de Competición de World Athletics.


14º - **O feito de inscribirse neste 42º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, implica a total aceptación do preceptuado no presente regulamento.**




Circuito nº 1  
667 m.



Circuito nº 2  
933 m.



Circuito nº 3  
1.375 m.



Circuito nº 4  
2.020 m.

PROMESA e SÉNIOR F/M	
1º clasificado/a	400 €
2º clasificado/a	250 €
3º clasificado/a	125 €
4º clasificado/a	75 €
5º clasificado/a	50 €